



Concello de Lugo

Concellería de Cultura
e Turismo

www.concellodelugo.org

cultura@concellodelugo.org

entroido
2020

BASES E BOLETIN DE INSCRICIÓN

IV CONCURSO
DE CARTEIS



IV CONCURSO DE CARTEIS ENTROIDO 2010

Con motivo da celebración do Entroido do ano 2010 (ano do 10º aniversario da Muralla como Patrimonio da Humanidade), o Concello de Lugo convoca o concurso de carteis, tendo en conta as seguintes bases:

- 1. Participantes:** Poderán concursar todas as persoas que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade ou residencia.
- 2. Número de obras:** Unha por autor/es.
- 3. Texto e requisitos:** No cartel deberá figurar o seguinte texto: *“Entroido 2010, 12-17 de febreiro- Concello de Lugo”*, e será requisito indispensable que a imaxe corporativa da cidade de Lugo figure no cartel.
Os carteis que se presenten deben ser orixinais e inéditos e que non obtiveran ningún tipo de premio en concursos de similares características.
- 4. Técnica e presentación:** Non existirán límites de tintas nin de procedementos. Presentarase sobre soporte ríxido que facilite a súa posible exposición.
- 5. Tema:** Dado que este ano 2010 a Muralla de Lugo cumpre dez anos como Patrimonio Mundial da Humanidade o cartel anunciador do Entroido debe potenciar a súa imaxe de maneira explícita.
- 6. Tamaño:** Libre.
- 7. Prazo e lugar de presentación:** O prazo para a presentación de carteis rematará o 21 de xaneiro de 2010, ás 14.30 horas, e entregaranse na Concellería de Cultura e Turismo situada na praza Maior, 1, 27001, Lugo. Nas obras non aparecerán nin o nome nin a sinatura do autor ou autores. Debe consignarse no dorso o título ou lema da obra. Ese mesmo título ou lema figurará nun sobre pechado no que se incluírá, unha vez cuberto, o boletín de inscrición que acompaña estas bases ou no seu defecto deberanse facer constar os seguintes datos: nome, apelidos, NIF, enderezo postal, correo electrónico e teléfono. Cando se produza a recepción do traballo asignarase igual número ó sobre e ó traballo, para os efectos de identificación.
- 8. Premio:** Establécese un premio dotado con 600 €. O devandito cartel quedará en propiedade do Concello de Lugo, que reservará para si todos os dereitos de reprodución.
- 9. Devolución:** Os carteis non retirados no prazo de quince días pasarán a ser propiedade do Concello.
- 10. Xurado:** Estará composto por persoas de recoñecido prestixio e vinculadas coa tradición do Entroido na nosa cidade.
- 11. Aceptación:** O tomar parte neste concurso supón a plena aceptación das BASES.



IV CONCURSO DE CARTEIS ENTROIDO 2010

IV CONCURSO DE CARTEIS DE ENTROIDO 2010 BOLETÍN DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos:

Enderezo:

CP: Localidade: Provincia:

Teléfono:

Correo electrónico:

NIF nº:

Título ou lema da obra:

Técnica empregada:

PRAZO DE ADMISIÓN: ATA O DÍA 21 DE XANEIRO DE 2010